

## Un poema inédito de Leiras Pulpeiro, unha curiosidade métrica e algo máis [OP]

*An unpublished poem by Leiras Pulpeiro, a metric curiosity, and more [PP]*

Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda)  
(Instituto de Mos – Pontevedra †)

Data de recepción: 11/11/2025 – Data de aceptación: 04/12/2025

**Resumo:** Despois dunha introdución ó proceso de fixación editorial da obra de Leiras Pulpeiro, fórnese un poema inédito deste autor, «Mercedes!», que destaca pola súa métrica, o *ovillejo* castelán. A consulta do manuscrito permite interpretar correctamente un verso e ofrécese unha nova edición do poema «Á cregaxe». Finalízase cunha reflexión sobre os manuscritos dos clásicos galegos depositados na Real Academia Galega.

**Palabras chave:** Leiras Pulpeiro, literatura galega, *ovillejo*.

**Sumario:** 0. Aclaración [XAM]. 1. Fortuna editorial de Leiras Pulpeiro. 2. Un poema inédito. 3. Un verso *inédito*: para ler «Á cregaxe». 4. Leiras na Academia. Referencias bibliográficas.

**Abstract:** Following an introduction to the editorial process of Leiras Pulpeiro's works, an unpublished poem by this author, «Mercedes!», is presented, notable for its meter, the Castilian *ovillejo*. The examination of the manuscript allows for the correct interpretation of a verse, and a new edition of the poem «Á cregaxe» is provided. The text concludes with a reflection on the manuscripts of Galician literary classics held at the Real Academia Galega [Royal Galician Academy].

**Keywords:** Leiras Pulpeiro, Galician literature, *ovillejo*.

**Contents:** 0. Clarification [XAM]. 1. The editorial fortune of Leiras Pulpeiro. 2. An unpublished poem. 3. An *unpublished* verse: reading «Á cregaxe». 4. Leiras Pulpeiro at the Galician Academy. Bibliographic references.

## 0. Aclaración

O traballo «Un poema de Leiras Pulpeiro, unha curiosidade métrica e algo máis», da investigadora Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda (1961-2018), é un inédito de 2016 que nos entregou o profesor Xesús Alonso Montero, quen nos aclara que a autora, neste traballo, precisa e amplía notablemente o seu artigo «“Á cregaxe”, de Manuel Leiras Pulpeiro: unha nota de crítica textual», publicado na revista *Agora do Orcellón* (Instituto de Estudos Carballiñeses, nº 30, 2015, pp. 35-38).

Xesús Alonso Montero (XAM)

## 1. Fortuna editorial de Leiras Pulpeiro

Na literatura galega abunda (mellor diremos: abundaba) a figura do escritor remiso a dar á publicidade os seus escritos. Un exemplo claro desta actitude encontrámolo no médico e poeta Manuel Leiras Pulpeiro (1854-1912), quen, en vida, unicamente publicou algunhas poesías en revistas e un breve volume de *Cantares gallegos* (Mondoñedo, Tip. H. Mancebo, 1911), e este para liberarse, segundo é fama, dos continuos rogos e requirimentos dos seus amigos.

Maior importancia concedía Leiras á súa produción de carácter científico, xa no eido da lexicografía, xa no da medicina, os dous campos do seu interese. Así, en 1893 e na revista *Galicia*, deu a coñecer unha recompilación de refráns galegos; e en 1910, en colaboración con Pastor Taladrid, publicou, en edición non venal, *Apuntes para la geografía médica del distrito municipal de Mondoñedo*. Pouco antes do seu falecemento, Leiras revisou os seus traballos, destruíu algúns e entregou outros, os de tipo lexicográfico, á Academia Galega. Eran estes un pequeno vocabulario, con destino ó *Diccionario* que a Academia preparaba, e dúas coleccións, unha de cántigas e outra de refráns, que a institución publicou no seu *Boletín* (n. 68 a 72, 1913). O episodio mostra as cordiais relacións que Leiras mantiña coa Academia, que o elixira, en 1905, como un dos corenta membros fundadores, nomeamento que o poeta declinou alegando non reunir as condicións necesarias.

O proceso de fixación do corpus literario de Leiras comeza en data moi tardía, en concreto en 1930, ano en que a Imprenta Nós publica o primeiro volume das *Obras completas*. Segundo tódolos indicios, foi Antón Vilar Ponte, compañeiro, na súa xuventude, nas loitas políticas de Leiras e devotísimo da súa figura, quen proxectou e preparou a edición, e foron os galegos residentes en Buenos Aires os que a custearon. O volume, que conta cun galano prólogo de Otero Pedrayo, recolle unicamente poesía inédita ou non recompilada de Leiras, un total de 89 poemas en galego (que en realidade son 90); quedan fóra, supoñemos que por non encarecer a edición, os *Cantares gallegos* de 1911. O proxectado segundo volume, que debía conter «vocabulario, folk-lore e refráns», nunca viu a luz.

Corenta anos despois, en 1970, José Luis Franco Grande publica a *Obra completa* de Leiras (Vigo, Galaxia-Fundación Penzol), que engade sobre o xa coñecido 58 cantares inéditos e tres recolleitas lexicográficas tamén inéditas: unha pequena colección de frases, outra de adiviñas e mais o Vocabulario galego que o poeta doara á Academia. A esta seguiría *Poesía completa*, editada por Xesús Alonso Montero (Santiago, Sálvora, 1983), que imprime coherencia ó corpus poético de Leiras. Por último, Ramón Reimunde Noreña edita *Poesía galega completa* (Barcelona, Sotelo Blanco, 1984), que reedita os textos poéticos coñecidos con grande aparato de notas.

## 2. Un poema inédito

O 18 de marzo de 1983 Josefina Leiras Andía, filla de Manuel Leiras Pulpeiro, fixo doazón dunha serie de documentos e manuscritos do seu pai á Real Academia Galega, que ese ano dedicaba ó mindoniense o Día das Letras Galegas. Na carta que acompañaba o envío, dirixida ó Presidente da Academia, dona Josefina aclaraba que cría seguir así a vontade do seu pai, reunindo, nunha soa institución, o conxunto da súa obra.

Cotexando o legado de Josefina Leiras coas edicións que acabo de mencionar, comprobei que ningunha delas inclúe o poema que a continuación transcribo:

Mercedes!

¿Quenes á Dios poñen chatas?  
As beatas.  
¿Quenes teñen sempre achegos?  
Os cregos.  
¿Quenes máis soñan co-herdades?  
Os frades.  
Pois, si ll'os cas non isades,  
Xa que faguer eso solen,  
Mercedes que vos amolen  
Beatas, cregos e frades.

O poema, autógrafo de Leiras, figura nun pequeno caderno de tapas de hule negras, entre as poesías «¡Non poido acordarme...» e «Desqu'unha noite de contos...», ambas editadas, así como o resto das incluídas no caderno. A ausencia de tachaduras ou emendas parece indicar que se trata dunha copia en limpo dun manuscrito anterior<sup>1</sup>. Naturalmente, ignoramos se a composición pasou

<sup>1</sup> O caderno consta de 38 paxinas, numeradas a man, e o poema que nos ocupa figura na páxina 30 *versus*. O caderno foi adquirido, segundo se infire dun selo estampado no interior, na librería e imprenta «El Sargento Cabral» de Buenos Aires.

inadvertida ó primeiro editor, Antón Vilar Ponte, ou se este a omitiu deliberadamente, quizais por considerala de escaso mérito literario. Como queira que fose, creo que o rescate dun poema de Leiras ten, hoxe como entón, interese de seu; e tratarei de demostrar que nesta ocasión teno dobremente.

O poema recuperado pertence a unha liña temática moi cultivada por Leiras, aquela que se especializa na crítica e no ataque ás xentes de igrexa: á «cregaxe», como a el, despectivamente, lle gustaba dicir. Se nos aspectos temático e léxico<sup>2</sup> o poema non ofrece ningunha novidade, si resulta notabilísimo, en cambio, polo metro empregado, o ovillejo castelán. Como acabamos de ver, esta combinación estrófica consta de dez versos que se organizan así: tres pareados compostos por un octosílabo e un quebrado, que repite a rima do respectivo verso a modo de eco; unha redondilla que recolle a rima do último pareado e mais un verso final onde se reúnen os tres quebrados. A rima é consonante: aa bb cc cddc. A composición caracterízase, pois, pola disparidade métrica e polo procedemento diseminativo recolectivo, propio do Barroco: seméntanse palabras que se recollen ó final, coma un novelo, de aí o seu nome.

Segundo indica Navarro Tomás (1983), os primeiros ovillejos coñecidos son os compostos por Cervantes, tres no *Quijote* (1605) e catro en *La ilustre fregona* (1613). Estes versos, «no de rústicos ganaderos, sino de discretos cortesanos», como os definiu o seu primeiro cultivador, chamaron a atención dun tan hábil versificador como Zorrilla, que os empregou en *Don Juan Tenorio* (1844). Máis tarde, reaparecen en Rubén Darío («Tres ovillejos», 1885). A lectura dos ovillejos mencionados, os únicos que, con toda probabilidade, Leiras puido coñecer, deixa patente a relación directa do noso poeta cos modelos cervantinos, singularmente cos que aparecen no *Quijote*<sup>3</sup>. A estrofa interesou ó galego porque se presta como ningunha ó epigrama, pero as súas limitacións son tamén evidentes, pois é moi difícil que o talento brille de tal maneira encorsetado.

A rareza do ovillejo no ámbito da literatura galega foi sinalada por Claudio Rodríguez Fer, quen, na súa *Arte literaria* (1991), o inclúe entre as formas escasamente asimiladas na nosa área. Dado que este estudioso non aduce ningún exemplo galego da estrofa, debemos supoñer que o poema de Leiras é unha *rara avis*, o único ovillejo, quizais, da literatura galega.

---

Nunha entrevista realizada en 1983, as fillas do poeta, Josefina e Magdalena Leiras, lembran que o seu pai «sempre levaba unhas libretiñas negras, forradas de hule [...], onde ía anotando todo o que lle interesaba» (Reimunde Noreña 1984: 42).

<sup>2</sup> Neste aspecto, unicamente considero destacable o uso do verbo *isar*, no sentido de 'encirrar', e a curiosa síncope do verso 9 (*mercedes*, por *mercedes*).

<sup>3</sup> Copio o primeiro deles: «¿Quién menoscaba mis bienes? | Desdenes. | Y ¿quién aumenta mis duelos? | Los celos. | Y ¿quién prueba mi paciencia? | Ausencia. | De ese modo, en mi dolencia | ningún remedio se alcanza, | pues me matan la esperanza | desdenes, celos y ausencia.» (*Quijote*, I, XXVII).

### 3. Un verso *inédito*: para ler «Á cregaxe»

Os manuscritos poéticos de Leiras non deparan maiores novidades en relación coa obra impresa, pero si nos axudan a solucionar puntos escuros ou non resoltos, ata agora, polos seus editores. Un dos máis intrigantes aparece no célebre poema «Á cregaxe», que invito ó lector a reler tal como figura na primeira edición (A Cruña, Nós, 1930):

#### Á cregaxe

Dicen que con raposadas,  
 Cando non por forza, pensas  
 Pouquiño á pouco ir logrando  
 4 Facerte dona d'a terra!...  
 Si, a quenes ti rogas botas  
 Os pillara a mais pequena,  
 Poidera ser que eso viras,  
 8 Ou, de non, chegares cerca;  
 Pro, nin d'os brazos se tollen,  
 Nin se lles entala a lengoa,  
 Cando con paus ou razós,  
 12 Segundo cadra, ch'arrear,  
 I-han deixarte, e non tardando,  
 Sin a que tés, e sin sedas.  
 I aqui mesmo, onde ontes inda  
 16 Cuase canto hai que ser eras  
 Logo nomais han lembrareche  
 Teu valer e tuas grandezas:  
 Unha mítola anarcada,  
 20 Que oxe xa ni o seu goberna,  
 I-o Cristo do Pasatempo,  
 Que; tamén, si dera â lengoa,  
 D'os que alí o tempo pasaron  
 24 Diría: imalditos sexan!

Os responsables das tres edicións posteriores seguen, no fundamental, este texto (con variantes ortográficas que non interesa discutir aquí). Aínda que sexa arduo disentir de editores tan competentes, debo chamar a atención sobre o verso 5, desprovisto, na miña opinión, de sentido coherente. ¿Que quere dicir, en efecto, «a quenes ti rogas botas»? Supoñendo que «botas» sexa verbo, restituímos, en primeiro lugar, a orde normal: «a quenes ti botas rogas»; en segundo lugar, tratamos de establecer o sentido do obxecto directo. ¿Que significa, en efecto, «rogas»? O *Diccionario* de Eladio Rodríguez acláranos que «roga» é a 'rogación, petición o ruego

que un labrador hace a outro, generalmente convecino, para que le preste ayuda en una labor o faena'. Evidentemente, esta acepción non nos convén.

O único editor que anota este verso, Ramón Reimonde, supón que «botas» é substantivo, e non verbo, a vulgar polos sinónimos que ofrece: «sementeiras, tumores, vexigas»; e aclara: «dito aquí posivelmente co significado de esmolos, axudas, bulas, e xogando co outro significado de botar: deitar fora, sacar»; e conclúe: «Entendo que é un verso confuso, onde botas pode ser maldizóns». Perfectamente. Aínda admitindo esas acepcións (que, agás a de «sementeira», non respaldan os dicionarios), ¿que sentido ten «si a quenes ti rogas *sementeiras* (ou *tumores, vexigas, esmolos, axudas, bulas* ou *maldicións*) | os pillara a máis pequena...» e o demais que segue?

Cando examinamos o manuscrito, comprobamos que a Leiras lle custara algún traballo redondear este verso, pois aprécianse, cando menos, dúas correccións sobre o inicialmente escrito. Estas dificultan notablemente a interpretación, pero non tanto que non se poida ler, en fin, o que o verso di: «a quenes ti *pragas botas*». O verso e a composición toda cobran, así, pleno sentido. A cregaxe bota pragas ós seus inimigos (os que a combaten «con paus ou razóns»), pragas que, de cumprírense, acabarían con eles: tolleríanse dos brazos (logo non poderían arrearlle paos) ou se lles entalaría a lingua (logo non poderían «arrearlle» razóns). Pero tales pragas non producen efecto, e incluso o Cristo do Pasatempo, se puidese falar, maldiciría ou praguearía á cregaxe: «diría: *imalditos* sexan!». Que a lectura que propoño é correcta demóstrao, incluso, o último verso, onde a palabra «malditos», subliñada por Leiras, fai referencia, de novo, ás famosas pragas.

O exame do manuscrito indica outra infidelidade a Leiras, no verso 17, pero xa sen afectar o sentido. Copio de novo o poema, na edición que propoño; regularizo maiúsculas, puntuación e acentuación; substituío o *y* grego polo latino e introduzo *h* cando convén.

### Á cregaxe

Dicen que con raposadas,  
cando non por forza, pensas  
pouquiño a pouco ir logrando  
facerte dona da terra!...  
Si a quenes ti pragas botas,  
os pillara a máis pequena,  
poidera ser que eso viras,  
ou de non, chegares cerca;  
pro nin dos brazos se tollen,  
nin se lles entala a léngua,  
cando con paus ou razóns,  
segundo cadra, ch'arrear,  
i han deixarte, e non tardando,  
sin a que tes, e sin sedas.

I aquí mesmo, onde antes inda  
 cuase canto hai que ser eras,  
 logo nomais han lembrarche<sup>4</sup>  
 teu valer e túas grandezas:  
 unha mítola anarcada,  
 que hoxe xa ni o seu goberna,  
 i o Cristo do Pasatempo,  
 que tamén, si dera á lengoa,  
 dos que alí o tempo pasaron  
 diría: *imalditos* sexan!

## 4. Leiras na Academia

A Academia Galega ten, por mandato estatutario, unha importante responsabilidade na difusión da literatura, mandato que, hoxe por hoxe, ten o seu máximo (¿e único?) expoñente no Día das Letras Galegas. Como moitos dos nosos clásicos, tivo Leiras, en 1983, o seu Día, e á calor da celebración isto foi importante porque saíron dúas edicións de Leiras máis unha *Escolma* da propia Academia. No caso de calquera outro escritor, a responsabilidade da docta Casa non ten por que ir máis alá. Agora ben, o caso de Leiras é distinto, xa que, desde o momento en que a Academia aceptou a doazón de dona Josefina Leiras, contraeu un grave compromiso: ser depositaria e custodia do legado literario do poeta. Agora ben, ¿que significa isto?

Ben está que a Academia publique, como vén facendo, unha revista de lingua (por máis que na confección e supervisión da mesma non participe a Academia); ben está que a Academia publique estudos sobre sociolingüística do galego (por máis que tales sociolingüistas nada teñan que ver coa Academia). Criticables por máis dun aspecto, estas son iniciativas loables. Pero, ante todo, a Academia debe dar testemuño do que é, debe difundir o legado que posúe e debe poñelo a disposición dos investigadores. Para isto, é imprescindible.

A Academia non pode ser un depósito de papeis, onde durman (e ás veces en malas condicións físicas) os manuscritos dos nosos clásicos. Os de Leiras áchanse en excelente estado de conservación, pero non se pode dicir o mesmo dos papeis que dormen nos sotos do vello caseirón, onde a humidade, dificilmente soportable para as persoas, é decididamente insoportable para os papeis de principios de século: nese soto apodrecen miles de fichas redactadas por Manuel Murguía e por Andrés Martínez Salazar, os primeiros presidentes da Institución, así como infinidade de curiosos papeis pacientemente gardados por don Juan Naya, bibliotecario que foi da mesma.

---

<sup>4</sup> Leiras escribiu *lembrarnos*; despois, tachou *nos* e escribiu *lembrare*; por último, optou por *lembrarche*.

¿Cando nos ofrecerá a Academia un catálogo dos manuscritos que custodia?  
¿Cando emprenderá a Academia unha verdadeira política editorial?<sup>5</sup>

## Referencias bibliográficas

Navarro Tomás, Tomás (1983): *Métrica española*. 6ª ed. Barcelona: Labor.

Reimunde Noreña, R. (1984): «Estudo preliminar», en M. Leiras Pulpeiro, *Poesía galega completa*. Barcelona: Sotelo Blanco.

Rodríguez Fer, Claudio (1991): *Arte literaria*. Vigo: Xerais.

---

<sup>5</sup> No arquivo de Victoria Álvarez hai unha carpeta (*Artigo e notas sobre Leiras Pulpeiro*) que contén un caderno e varias follas soltas con anotacións sobre a obra literaria de Leiras. [Nota de XAM].